



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salida Nº. 201200001577
26/01/2012 09:03:44

RESOLUCIÓN REITORAL DE 26 DE XANEIRO DE 2012 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA SICUE DE MOBILIDADE ESTUDANTIL PARA O CURSO 2012/2013

SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españoles), desenvolvido pola RUNAE (Rede Universitaria de Asuntos Estudiantís) da CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas), é un programa que permite a realización parcial de estudos nunha universidade española diferente á de orixe do alumnado, sen que este ou esta perda a súa condición de estudante da propia universidade, e polo tanto, sen traslado de expediente.

A Universidade de Vigo pertence a este programa dende o curso 2000/2001 e ofrece a mobilidade expresada no ANEXO I.

Cada centro da Universidade de Vigo no que existe mobilidade SICUE dispón dun coordinador ou coordinadora do intercambio, a quen debe dirixirse o alumnado interesado en participar no programa para acadar información sobre o plan de estudos da universidade de acollida.

O programa asegura o recoñecemento académico das materias cursadas e superadas na universidade de destino, sempre que estas non fosen previamente cualificadas con suspenso na Universidade de Vigo.

A praza de mobilidade SICUE non dá dereito a axuda económica, non obstante, o alumnado acollido ao programa SICUE poderá solicitar financiamento a través do programa SÉNECA (Ministerio de Educación), na convocatoria anual que se fará pública trala selección SICUE polas universidades participantes.

As universidades poderán propoñer intercambios entre titulacións pertencentes a un mesmo sistema de ordenación das ensinanzas universitarias, se ben, ao igual que durante o curso 2011/2012, o curso 2012/2013 é considerado como un período transitorio, e aceptaranse os intercambios entre titulacións renovadas ou non renovadas e os novos estudos de grao derivados da implantación do EEES (Espazo Europeo de Educación Superior).

Aceptaranse solicitudes de estudantes de titulacións de grao que extinguiran ou que estean en proceso de extinguir a outros estudos, no mesmo acordo bilateral que os estudos que se extingan pola implantación destes graos, sempre que as coordinadoras e coordinadores consideren a viabilidade do acordo académico e se axusten as concesións ao número de prazas e períodos establecidos no acordo bilateral.

Nas titulacións nas que a Universidade de Vigo estableceu acordos bilaterais con outras universidades tanto para os estudos a extinguir como para os de grao que os substitúen, o alumnado só poderá solicitar as prazas correspondentes a súa titulación.

Por todo o anteriormente exposto,

ESTA REITORÍA RESOLVE

Convocar o programa SICUE de mobilidade estudiantil para o curso 2012/2013, de acordo coas seguintes normas:



PRIMEIRA. Requisitos dos e das solicitantes

1. Ter formalizada a matrícula no curso 2011/2012 na Universidade de Vigo en estudos conducentes á obtención de calquera título universitario oficial.

2. Deberase acreditar:

2.1. Para ensinanzas de primeiro e segundo ciclo:

✓ter superados, a 30 de setembro de 2011, un mínimo de 30 créditos nas diplomaturas e enxeñarías técnicas, ou un mínimo 90 créditos nas licenciaturas e enxeñarías superiores, e

✓ter matriculados no presente curso un mínimo de 30 créditos.

2.2. Para ensinanzas de grao:

✓ter superados, a 30 de setembro de 2011, un mínimo de 60 ECTS, e

✓ter matriculados no presente curso un mínimo de 30 ECTS.

2.3. Para titulacións de só segundo ciclo ou ben dun segundo ciclo que non resulte continuación directa do primeiro ciclo de orixe:

✓non poderá participar na presente convocatoria quen no próximo curso inicie estudos nunha titulación de só segundo ciclo ou ben nun segundo ciclo que non resulte continuación directa do primeiro ciclo de orixe, xa que non se concederán intercambios SICUE para o primeiro ano destas titulacións. Só poderá solicitarse cando se estea a cursar o primeiro curso, para o seguinte, e sempre que se cumpra o resto dos requisitos que establece esta convocatoria. Para o número de créditos superados teranse en conta os estudos de primeiro ciclo, e

✓ter matriculados no presente curso un mínimo de 30 créditos.

3. Non ter arquivada a matrícula ou suspendidos os dereitos como estudante.

Ao alumnado que non cumpra estes requisitos seralle denegada a petición sen entrar a valorar o seu expediente académico.

A mesma persoa non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma universidade de destino, nin máis de un en cada curso académico.

O período de intercambio solicitado ten que coincidir co indicado nos convenios bilaterais e en ningún caso poderá ser modificado.

O alumnado poderá cursar materias nas dúas universidades, mentres dure o intercambio.

Quedan excluídos do programa de mobilidade SICUE os plans de estudo de máster e de doutoramento.

SEGUNDA. Acordos Académicos

A mobilidade basearase no denominado acordo académico. Este documento describirá a actividade a realizar no centro de destino, será recoñecido automaticamente polo centro de orixe e terá carácter vinculante para as e os asinantes.

Como base para os recoñecementos académicos pódese utilizar o sistema ECTS para os plans anteriores ao RD 1393/2007.



En ningún caso poderán incluírse nos acordos académicos materias cualificadas con suspenso con anterioridade no centro de orixe. Si poderán incluírse, sen embargo, materias matriculadas ás que o alumnado non se teña presentado e aparezan cualificadas con "non presentado" **As e os coordinadores non asinarán acordos académicos cunha temporalidade diferente á subscrita nos acordos bilaterais.**

Poderanse cursar materias optativas do plan de estudos da universidade de destino, non incluídas no plan de estudos da Universidade de Vigo, as cales serán incorporadas no expediente como optativas ou como libre elección.

A estancia na universidade de destino terá unha duración de 5 ou 9 meses. Para o curso 2012/2013 se admitirán excepcionalmente aqueles convenios que xa estiveran asinados con duración distinta (3, 4 ou 6 meses), pero haberá que ter en conta que para poder optar a unha bolsa SENECA, os períodos de estancia e os contidos mínimos a cursar axustaranse ao indicado anteriormente. Recoméndase para períodos inferiores a 5 meses una matrícula mínima de 12 créditos:

✓9 meses para cursar un mínimo de 45 créditos ECTS ou 4 materias anuais ou 8 cuatrimestrais en plans non renovados.

✓5 meses para cursar un mínimo de 24 créditos ECTS ou 4 materias cuatrimestrais en plans non renovados.

Naqueles supostos nos que resten para finalizar os estudos menos créditos que o mínimo elixido en cada tipo de estancia, poderase optar ao intercambio se cumpre o resto de requisitos.

TERCEIRA. Solicitudes

O formulario de solicitude (ANEXO II), que estará dispoñible nos servizos administrativos dos centros, nos rexistros da Universidade de Vigo e na páxina web da Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións (http://webs.uvigo.es/vicprof/Html/vicoapt3_gl.html), presentarse debidamente ASINADO POLA COORDINADORA OU COORDINADOR, cun máximo de 3 opcións por estudante.

A memoria ou xustificación da mobilidade será dun máximo de 2 folios en modelo libre.

CUARTA. Documentación a presentar

Quen estea a cursar unha titulación de só segundo ciclo ou ben un segundo ciclo que non resulte continuación directa do primeiro ciclo de orixe, deberá presentar orixinal ou copia cotexada da certificación académica correspondente aos estudos que lle deron acceso a ese segundo ciclo, **cando os cursara noutra universidade.**

Quen, xunto coa solicitude, non presente a documentación indicada no apartado anterior, terá un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes, para aportala, sendo suficiente notificación para estes efectos, a información que figura nesta convocatoria sobre a documentación a presentar.

No caso de non achegar a documentación no prazo indicado e debido á imposibilidade de valorar o seu expediente académico, será excluído do proceso de adxudicación de prazos.

QUINTA. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será do **30 de xaneiro ao 20 de febreiro de 2012**, e poderá presentarse polos seguintes medios:

- no rexistro xeral do campus de Vigo (edificio xerencia e servizos centrais - Campus universitario)



- no rexistro auxiliar do campus histórico (E.U.E.T. Industrial – rúa Torrecedeira – Vigo)
- no rexistro auxiliar do campus de Ourense (edificio administrativo - Campus norte - As Lagoas)
- no rexistro auxiliar do campus de Pontevedra (E.U.E.T. Forestal – A Xunqueira)
- por calquera outro previsto na Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEXTA. Selección de candidatas e candidatos

A selección para participar nos intercambios comprenderá dous apartados diferentes:

1. Nota media de cualificación

Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas ata o 30 de setembro de 2011. Valorarase unicamente a cualificación obtida na última convocatoria, salvo o NON PRESENTADO que non computará no numerador nin no denominador.

A nota media do expediente académico calcularase de acordo co establecido no artigo 5 do R.D. 1125/2003, isto é: suma dos créditos cualificados multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, de acordo co baremo recollido no mencionado real decreto, e dividida polo número de créditos totais cualificados. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán aos efectos de cómputo da media do expediente académico.

Naqueles casos nos que nun expediente non figure, en todas ou nalgúnhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do R.D. 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honra	10,00 puntos
Sobresáinte	9,00 puntos
Notable	7,50 puntos
Aprobado	5,50 puntos
Suspenso	2,50 puntos

Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos no que non exista cualificación non se terá en conta aos efectos de ponderación.

Cando se trate de titulacións de segundo ciclo, para o cálculo da nota media, terase en conta, a media do primeiro ciclo dos estudos dende os que se accede á nova titulación mais os créditos que se puidera ter superados ata o 30 de setembro do curso anterior ao da solicitude.

2. Memoria xustificativa

Valorarase cunha puntuación máxima dun punto. As solicitudes que non inclúan dita memoria, non puntuarán neste apartado.

Unha vez valorados os apartados anteriores, o procedemento de adxudicación de prazas farase por orde de puntuación, non podéndose adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais establecidos para cada universidade.



No caso de empate na puntuación, resolverase a favor de quen teña máis créditos superados, no caso de persistir o empate terá preferencia quen estea matriculada ou matriculado no curso máis alto, e de non resolverse así farase por sorteo público no Servizo de Alumnado.

SÉTIMA. Tramitación, resolución e publicación

1. Tramitación:

O Servizo de Alumnado será o encargado da tramitación das solicitudes presentadas.

2. Resolución e publicación:

Unha vez efectuada a selección, mediante resolución da Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, **na semana do 12 ao 16 de marzo de 2012 publicaranse as listaxes provisionais** de adxudicación das prazas de mobilidade, tanto nos rexistros xeral e auxiliares como na páxina web da vicerreitoría (<http://webs.uvigo.es/vicprof/Html/vicoapt3.gl.html>)

Unha vez publicada a relación provisional de adxudicatarias e adxudicatarios cos destinos correspondentes, abrirase un **prazo de reclamacións de 10 días naturais**, cando concorra unicamente algunha das seguintes circunstancias:

- Que se cometera un erro a causa da interpretación equivocada dos documentos aportados ou da valoración do seu expediente académico.
- Que aparezan ou se aporten novos documentos de valor esencial para a resolución.
- Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.

A publicación das listaxes definitivas farase o **30 de marzo de 2012** nos mesmos lugares de publicación das listaxes provisionais, e a partir da data de publicación non se admitirán cambios nos destinos adxudicados.

Quen reúna os requisitos e non obteña praza de mobilidade SICUE formará parte das listaxes de agarda, á espera de producirse algunha renuncia nos prazos indicados na norma sétima.

OITAVA. Prazos de renuncia e penalizacións

O prazo de presentación de renuncias comezará o día seguinte á publicación da resolución definitiva de adxudicación de prazas SICUE e finalizará o mesmo día que finaliza o prazo de presentación de solicitudes para a bolsa Séneca.

Estas renuncias non penalizarán para futuras solicitudes e favorecerán a xestión da lista de agarda.

As renuncias deberán dirixirse ao Servizo de Alumnado mediante escrito presentado nos rexistros da universidade ou mediante e-mail enviado a negociadodealumnado@uvigo.es, dende a mesma dirección de correo electrónico indicada no impreso de solicitude de praza.

Quen non presente renuncia no prazo sinalado anteriormente ou non se incorpore ao intercambio no prazo establecido a tal efecto, será penalizada ou penalizado, polo prexuízo causado a posibles solicitantes, quedando excluída ou excluído da posibilidade de intercambio durante un curso, salvo causa xustificada. En todo caso, considerarase causa xustificada a non concesión da bolsa Séneca, **sempre que a renuncia sexa presentada no prazo de 7 días naturais dende a data de publicación da resolución definitiva de adxudicación das Bolsas Séneca.**



UNIVERSIDADE
DE VIGO

NOVENA. Lista de agarda

A lista de agarda, ordenada seguindo os mesmos criterios da selección, permanecerá en funcionamento ata a data de finalización de presentación de renuncias sen penalización.

DÉCIMA. Obrigas do alumnado seleccionado

Na Universidade de Vigo o alumnado deberá:

1. Unha vez concedido o intercambio SICUE e antes do 15 de setembro, a beneficiaria ou beneficiario deberá cubrir o acordo académico que será asinado pola coordinadora ou coordinador e pola decana ou decano ou directora ou director do centro de orixe.

2. Deixar realizada a matrícula correspondente, **no seu centro de orixe, para o curso 2012/2013, indicando que teñen concedida a mobilidade SICUE.**

Na universidade de destino o alumnado deberá:

1. Unha vez se teña feita a incorporación á universidade de destino será asinado o acordo académico pola coordinadora ou coordinador e pola decana ou decano ou directora ou director do centro de destino.

2. Dirixirse á unidade administrativa correspondente achegando un exemplar do acordo académico, debidamente asinado pola ou polo estudante e pola universidade de orixe, que se asinará na universidade de destino e se devolverá á de orixe nun prazo non superior a 40 días dende a data da súa incorporación. O acordo académico terá carácter vinculante para as e os estudantes, para o centro de orixe e para o centro de destino, e só poderá ser modificado no **prazo de 1 mes** a partir da incorporación ao centro de destino.

3. **Inscribirse no centro de destino**, tendo en conta que as taxas de matrícula serán aboadas exclusivamente na universidade de orixe. Durante a duración do programa de intercambio, as e os estudantes serán alumnas ou alumnos do centro de orixe a todos os efectos, tendo os dereitos académicos e obrigas do centro de destino.

UNDÉCIMA. Ámbito de aplicación

As normas contidas na presente convocatoria serán de aplicación ao alumnado desta universidade e ao alumnado externo que curse os seus estudos na Universidade de Vigo ao abeiro do programa de mobilidade estudantil SICUE.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vigo, 26 de xaneiro de 2012
O REITOR,

Salustiano Mato de la Iglesia

